



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Registro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200700008989
12-04-2007 09:09

Os Estatutos da Universidade de Vigo establecen que os Decanos/Directores dos Centros e os Directores dos Departamentos ostentan a representación do Centro ou Departamento e exercen as funcións de dirección e xestión ordinaria destes.

Tamén dispoñen que os Decanos/Directores de Centros e os Directores de Departamentos designarán aos Vicedecanos ou Subdirectores e aos Secretarios.

Os Vicedecanos e Subdirectores actuarán coas competencias e funcións que lles delegue o Decano/Director do Centro e o Director de Departamento, así como todas aquelas que lles atribúa o regulamento de réxime interno do Centro ou Departamento.

Os Secretarios exercerán todas aquelas competencias que lles atribúan os Estatutos da Universidade e o regulamento de réxime interno.

Tendo en conta que nalgún momento se pode producir a ausencia temporal dos cargos unipersoais dos Centros e Departamentos por permisos, enfermidades ou por baixa maternal faise necesario regular un procedemento de substitucións de ditos cargos.

Por todo o exposto anteriormente esta Reitoría RESOLVE:

Primeiro.- Como norma xeral, no caso de ausencia dalgún cargo unipersoal dun Centro/Departamento por permiso ou enfermidade, poderá ser substituído por outra persoa dende o momento da ausencia, computándolle dito período, a efectos económicos e administrativos, soamente ao substituínte.

Segundo.- No caso de ausencia dun cargo unipersoal dos Centros/Departamentos por baixa maternal poderá ser substituído dende o día baixa por outra persoa, computándosele a ambos dito período, tanto a efectos económicos como administrativos.

Vigo, 11 de abril de 2007

O REITOR

Alberto Gago Rodríguez

- ***Ilmos/as. Sres/as. Decanos/Directores/as de Centros***
- ***Ilmos/as. Sres/as. Directores/as de Departamento***